

CONSIDERACIÓNS DO GRUPO DE TRABALLO DE SAF DO COTSG PARA A REFORMULACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Os/as traballadores/as sociais que formamos parte do Servizo de Axuda no Fogar e dende este Grupo de Traballo do COTSG, en representación de todos/as eles/as, queremos presentar as seguintes consideracións en virtude das incidencias e eivas detectadas nas diferentes actuacións do Servizo de Inspección nos últimos anos en relación á prestación do Servizo e que observamos **están a afectar ao correcto desenvolvemento do mesmo e á súa calidade e esencia inicial**:

I.- A necesidade de outogar ao SAF unha **visión menos paternalista, resaltando a súa finalidade**: *“prestar APOIO a persoas dependentes, con limitacións para a correcta realización das ABVD, AIVD e AAVD, e ás súas familias, garantindo a permanencia da persoa no seu entorno habitual, pero sempre reforzando e complementando as capacidades da persoa usuaria ou das persoas da súa contorna e nunca eliminando ou substituíndo as actividades que poidan ser realizadas polas/os usuarias/os e en ningún caso suplantando as responsabilidades familiares”.*

II.- Garantir o cumprimento do **recoñecemento conxunto dos servizos de atención persoal e doméstica**: No art. 23 da Lei 39/2006, modificado polo Real Decreto 20/2012 TITULO III Artigo 22.8: Servizo de Axuda no Fogar establécese o seguinte: *O servizo de axuda no fogar constitúeo o conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, prestadas por entidades ou empresas, acreditadas para esta función, e poderán ser os seguintes: a) Servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria. b) Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar: limpeza, lavado, cociña ou outros. Estes servizos só poderán prestarse conxuntamente cos sinalados no apartado anterior. E Disposición Xeral IV: en canto ao servizo de axuda a domicilio é necesario determinar que os servizos relacionados coas necesidades domésticas só poidan ser recoñecidos conxuntamente cos de atención persoal. Doutra banda no Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, Punto 5: *No programa individual de atención, deberase diferenciar, dentro das horas de axuda a domicilio, as relativas a**

necesidades domésticas ou do fogar, das de atención persoal para as actividades da vida diaria. Os servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar só poderán prestarse conxuntamente cos de atención persoal. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderán prestarse separadamente cando así se dispoña no programa individual de atención. A Administración competente deberá motivar esta excepción na resolución de concesión da prestación.

III.- A finalidade do servizo está desvirtuada.

Na actualidade todas as tipoloxías de tarefas e atencións deben ser prestadas os 365 días do ano, prestando servizos do SAF a persoas usuarias con situacións de dependencia recoñecidas en Graos I, II e III que son exclusivamente servizos de atención doméstica.

III.1. Considérase necesario establecer prioridades e retomar a finalidade real do servizo.

III.2. Valórase necesaria a realización dun **cadro de prioridades** que guíe a elaboración dos proxectos de intervención.

III.3. Apóstase a necesidade de respetar o recollido no artigo 4.4. da Orde do 22 de xaneiro, “*En todo caso as atencións prestadas terán un **carácter de reforzo e non substitutivo** das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu entorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:*

- *A realización de actividades domésticas que non fose engadidas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos no artigo 12º da Orde.*
- *Actuacions que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo”.*

III.4. Apóstase, para garantir a calidade e control do servizo, por velar polo cumprimento do recollido no Artigo 12.4. da Orde do 22 de xaneiro: “*A entidade local titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta ou, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, **abrirá un expediente** por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos:*

a) *Un **informe social**, firmado por un traballador/a social da entidade titular do servizo (profesional de referencia).*

b) Un **proxecto de intervención**, asinado pola persoa técnica responsable que designe a entidade titular do servizo.

c) Un **acordo de servizo** asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria”.

III.5. Valórase incidir no recollido no Artigo 21º da Orde do 22 de xaneiro, Da coordinación.

IV.- Dereito subxectivo das persoas usuarias Vs. Dereitos do persoal prestador do SAF

A consideración do SAF como un dereito subxectivo adquirido polas persoas usuarias, tal e como está sendo interpretado na actualidade polo Servizo de Inspección, choca frontalmente contra os dereitos do persoal prestador do SAF. Os dereitos en canto a permisos, descansos, vacacións...etc son de obrigado cumprimento, xurdindo dificultades na maioría dos casos para poder cumprir coas expectativas das persoas usuarias.

➤ Franxas horarias

Limitar esta opción é básico para a correcto funcionamento do servizo e a súa operatividade; establecer nas franxas horarias diarias os tempos mínimos de servizo en cada unha. Recomendación: *máximo 3 franxas de 30 minutos mínimo cada unha.*

➤ Selección de horario

Actualmente prima o “dereito subxectivo” e imposición por parte da persoa usuaria/familia a escoller o horario de prestación do servizo. Esta situación, moitas veces, vai contra os dereitos laborais das/os traballadoras/es ao non poder garantir ao persoal xornadas laborais mínimas e continuadas (contempladas na normativa de referencia) no caso de ter que contratar a un maior número de auxiliares que permita prestar as atencións de moitas persoas usuarias nunha mesma franxa horaria.

➤ Distribución da intensidade horaria

O sistema de dependencia outorga grao I (20h/mes), grao II (45h/mes) e grao III (70h/mes). Isto resulta pouco práctico á hora de distribuír as horas, destacando ademais que en cada Concello utilizan unha fórmula diferente, o que crea confusión e desigualdade nas persoas usuarias.

Valórase necesario establecer unha fórmula homoxénea, eficaz e clara para o axuste de horas mensuais, que non perxudique á persoa usuaria e que clarifique a distribución exacta co obxectivo de evitar atribuír a carga do copagamento a algunha das partes implicadas no mesmo.

Ex: Poñamos o exemplo dun grado I que quere o servizo de luns a domingo, 20h/mes. Prestaríamos un servizo de aproximadamente 38 minutos os meses de 31 días, pero os meses de 30 ou menos, faríase máis tempo, tendo que axustar mes a mes. Se unicamente o quere de luns a venres sen os festivos e collemos un mes de 23 días, serían 52 minutos aproximadamente. Tendo que axustar mes a mes o tempo de prestación de servizo, que é o que se esixe, o que resulta un traballo laborioso para a/o profesional e auxiliares e caótico para as persoas usuarias, xa que estas últimas non entenden porque hai meses que “se lles quita tempo de servizo”.

V.- Da prestación do Servizo:

➤ **Incidencias graves por parte das persoas usuarias:**

Obrigatoriedade de continuar coa prestación do SAF en casos nos que se suceden reiteradamente situacións de acoso, malos tratos psicolóxicos, discriminación por razón de sexo, raza ou nacionalidade, riscos pola mala condición de habitabilidade da vivenda, etc. sen ter en conta a valoración e informes do persoal técnico do SAF para proceder á suspensión “cautelar” do servizo ou outras medidas pertinentes que se consideren oportunas.

A lexislación de referencia recolle as obrigas e deberes das persoas usuarias, así como as infraccións e sancións existentes e as causas de extinción e modificación do servizo.

➤ **Acceso e/ou coñecemento da información médica da persoa usuaria de forma previa ao inicio do servizo para coñecer as características individuais da mesma e poder garantir a calidade do servizo prestado.**

➤ **A importancia de manter a información clínica da persoa usuaria actualizada en coordinación cos SS.SS. Comunitarios , agás excepcións de altas de urxencia.**

VI.- Das visitas domiciliarias:

➤ Visitas domiciliarias por incidencias

A esixencia ás/aos coordinadoras/es de realizar visitas domiciliarias de presentación do persoal auxiliar cada vez que hai que realizar substitucións, non resulta operativo (citas médicas, vacacións, días de libre disposición, citas de menores de idade, familiares, incidencias).

É necesario neste aspecto diferenciar entre unha cuestión previsible e non previsible, entendendo que sí é posible o acompañamento cando é algo xa planificado e previsto, a diferenza de se non o é.

O tempo de acompañamento, tanto de persoal técnico como auxiliar, para substitucións, é tempo efectivo de traballo polo que xurde unha incoherencia en canto a quen asume o dito gasto.

VII.- Do persoal prestador do Servizo:

➤ Rotación de auxiliares ou selección concreta

A xestión dun servizo destas características resulta imposible de levar a cabo se se esixe que nun domicilio non pode haber máis de “X” persoas ó ano. Deberíase garantir a prestación do servizo pero sen a obrigatoriedade impracticable da exclusividade do persoal auxiliar.

Ex: Poñamos o caso dunha auxiliar que ao ano ten días propios, citas médicas, vacacións, citas médicas cos fillos menores de idade, baixas por enfermidade, etc. Como xestionar as substitucións tendo que enviar sempre á mesma substituta e no mesmo horario?

VIII.- Cobro do servizo

➤ Posibilidade de reserva de praza SAF ante incidencias.

A persoa usuaria ten un persoal auxiliar asignado e un horario, servizo e intensidade, que cando non se realiza (por citas médicas, vacacións, baixas hospitalarias..) resérvase, pero non se cobra, perxudicando ás persoas traballadoras.

Existe diferenza respecto a outros servizos da carteira: centros de día, centros residenciais...etc.

Valórase necesario recoller a dita reserva nas diferentes ordenanzas, pregos...

IX.- Directrices do Servizo de Inspección

➤ Falta de claridade e homoxeneidade nas directrices.

Valóranse necesarias directrices claras e homoxéneas por parte da Inspección en canto ao asesoramento presencial e telefónico. Preferiblemente deberán emitirse por escrito.

➤ Formación non específica en Servizos Sociais dos/as profesionais do Servizo de Inspección.

Esta circunstancia causa un baleiro importante para a comprensión do servizo e das súas características.

➤ Dar valor aos informes emitidos polos/as traballadores/as sociais

Cómpre ter en conta e dar valor aos informes emitidos polos/as traballadores/as sociais, tanto da coordinación de xestión directa como da indirecta, en función da intervención e da responsabilidade/competencia que o asunto supoña. Enténdese que debe terse en conta a colexiación obrigatoria.

➤ Renovación do proxecto de intervención.

Considérase inoperativa a renovación do proxecto de intervención de forma anual cando as características e atencións no domicilio non mudaron.

➤ Copia da acta na visita de Inspección

Considérase oportuno que, ao finalizar a inspección, quede unha copia da acta nese mesmo momento para poder facer as alegacións oportunas coa persoa inspectora presente e non que con posterioridade á mesma se remita por mail.

Valórase recomendable a posibilidade de uso doutros dispositivos electrónicos que faciliten esta circunstancia así como poder deixar constancia in situ da conformidade ou disconformidade.

➤ **Preaviso da visita de Inspección para organización do Servizo.**

Valoramos moi positivamente que para o bo funcionamento do servizo as inspeccións ás empresas privadas e SS.SS Comunitarios sexan preavisadas con 24 horas de antelación, xa que as inspeccións sen previo aviso condicionan a organización do servizo. De non ser posible, (o cal se evita cun preaviso), non esixir a obrigatoriedade de que a persoa coordinadora se persone no despacho de xeito inmediato á chegada da persoa inspectora.

Valórase imprescindible para as visitas respetar o horario e a xornada laboral.

En relación á xestión do SAF **en situación de emerxencia sanitaria (COVID)**, este grupo pode chegar o seguinte:

➤ **Persoal esencial non vacinado**

O colectivo de traballadores/as sociais, a pesar da consideración de persoal esencial durante a pandemia e da atención directa a persoas, continúa sen vacinar e sen recibir apoio da Administración para este fin, a pesar de ser unha cuestión continuamente reclamada polo COTSG e CGTS.

➤ **Flexibilidade en situacións de crise sociosanitaria.**

Valórase necesaria unha maior flexibilidade á hora da execución das visitas e os seguimentos ante o elevado risco de contaxio e a sobrecarga actual do servizo, coa finalidade de garantir a seguridade do SAF (persoal técnico e persoas usuarias). Existe a posibilidade de elaborar unha proposta concreta por cada servizo e polas súas necesidades nesa situación.

➤ **Autorizacións para realizar suspensión de servizos.**

Valórase necesario o outorgamento de autorización para realizar suspensións de servizos, minoracións de intensidades horarias, limitacións de tarefas...previa valoración do caso, naquelas situacións nas que as persoas usuarias ou familias no cumpran coa normativa hixiénico-sanitaria en vigor (negación a uso de máscara, negación vacinación, ocultamento de sintomatoloxía relevante compativle coa COVID-19, contractos estreitos con persoas positivas...).

Ter en conta a posibilidade de toma de decisións unilaterais temporais por incidencias en ausencia de perfil de referencia municipal (horario fins de semana e festivos) e sempre baixo valoración e criterio técnico da coordinación.

➤ **Suspensións de servizo voluntarias superiores a 2 meses.**

Nos casos de crise sociosanitaria como a actual, permitir a posibilidade de suspensións superiores a 2 meses, xustificadas. Manter durante toda a situación de risco o mesmo criterio.

➤ **Falta de protocolos claros específicos de SAF para situación de crise sociosanitaria (neste caso COVID)**

Considérase inxustificada e desprotexida a actual OBRIGA de prestar servizo a usuarias/os positivos sen existir un protocolo específico para o SAF e tendo que prestar o tempo na súa totalidade mesmo realizando tarefas de atención doméstica “polo dereito subxectivo” da persoa usuaria e sen persoal especificamente formado para estas atencións (colocación de EPIS, desinfección dos espazos...).

Nos casos positivos deberíase permitir a revaloración técnica do caso, podendo minorizar a intensidade e/ou limitando as tarefas prestadas ás imprescindibles co fin de diminuír ao máximo o risco de contaxio, na medida do posible co previo acordo do/a usuario/a